

Venres, 29 de decembro de 2017

Núm. 248

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
REDONDELA**Oferta de emprego público***OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO ANO 2017**ANUNCIO**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2017*

Por resolución de Alcaldía de data 21.12.2017 aprobouse a oferta de emprego público do Concello de Redondela, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia. En cumprimento do citado acordo procédese á publicación da oferta de emprego público do Concello de Redondela para o ano 2017, cuxas prazas que se ofertan son as seguintes:

QUENDA LIBRE					
	Escola	Subescola	Clase	Categoría	Grupo-Subgrupo
1 praza de auxiliar administrativo/a (funcionario)	Admón. Xeral	Auxiliar	—	—	C2
1 praza de oficial de medio ambiente (funcionario)	Admón. Especial	Servizos Especiais	Persoal de oficios	Oficial	C2
1 praza de operario/a de vías e obras(funcionario)	Admón. Especial	Servizos Especiais	Persoal de oficios	Operarios	D.A. 6.ª -Outras agrupacións profesionais
PROMOCIÓN INTERNA					
	Escola	Subescola	Clase	Categoría	Grupo-Subgrupo
1 praza de administrativo/a (funcionario)	Admón. Xeral	Admvo.	—	—	C1
1 praza de auxiliar administrativo/a (funcionario)	Admón. Xeral	Auxiliar Admvo.	—	—	C2
1 praza de oficial de xardíns (persoal laboral) fixo	—	—	Persoal de oficios	Oficial	C2

Resérvase a praza de auxiliar administrativo/a do turno de promoción interna para persoas con discapacidade.

O prazo máximo para a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos a contar dende a publicación da presente OEP no Boletín Oficial da Provincia.

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o sr. Alcalde, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:L2J7BC0DTN9UBW8QC



Venres, 29 de decembro de 2017

Núm. 248

Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso—administrativo ante o Xulgado do Contencioso—Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8—1 e 46—1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso—Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso—administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46—1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso—Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes conforme a Dereito.

